



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do trinta de decembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Juan Jose Rodríguez Grandal e Manuel Domínguez Álvarez. Escusan a non asistencia os concelleiros Alberto Villaverde Méndez e M^a Mar Villaverde Rosales así como a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4040.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE NOVIEMBRE DE 2014, NÚM. 506.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde dáse conta aos membros corporativos da acta da sesión plenaria realizada o 25 de novembro de 2014, núm. 506 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

4041- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución do asuntos precedentes e que son os que seguen: “4029.- INTERVENCIÓN, BONIFICACIÓN ICIO CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE URBANISMO 185/14, DE OBRAS EN INMOBLE EN PEDAPORTA DE COMBARRO, DE D^a. MARÍA ARGENTINA COUSELO TOURIÑO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á solicitante; 4030.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA APROBACIÓN LÍMITE GASTO NON FINANCEIRO ORZAMENTO 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4031.- INTERVENCIÓN, ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2015.- Uniuse certificación do acordo ao expediente remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 4032.- ALCALDÍA, PROPOSTA DE TRASLADO DE MESAS ELECTORAIS DO LOCAL ELECTORAL “ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO” AO “LOCAL SOCIAL DE CAMPELO”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Oficina do Censo Electoral; 4033.- MOCIÓN, DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA QUE O CONCELLO DE POIO INSTE Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE SE DIRIXA AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA SOLICITAR UNHA HARMONIZACIÓN NORMATIVA EN MATERIA CATASTRAL E URBANÍSTICA E QUE REALICE NEGOCIACIÓNS PARA AXILIZAR A RESERVA OFICIAL DO SOLO EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Presidente da Deputación Provincial e ao Xerente Xestur Pontevedra; 4034.- MOCIÓN, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA E POLA PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES VULNERABLES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Consellería de Economía e Industria; 4035.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA CESPA, SA ANO 2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente,

deuse traslado ao Departamento de Intervención e notificouse á solicitante; 4036.- ALCALDÍA, PROPOSTA DE DIVISIÓN DE MESAS ELECTORAIS DO DISTRITO 01 SECCIÓN 006 NO “CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Oficina do Censo Electoral; 4037.- PERSOAL, MODIFICACIÓN CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo; 4038.- MOCIÓN DE APOIO Á CORRECTA ETIQUETAXE DO MEXILLÓN TRANSFORMADO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Presidencia do Parlamento Galego, Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida do Mexillón de Galicia e Jesus Castiñeira Martínez; 4039.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA) LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE COLECTORES E PAPELEIRAS NO CONCELLO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Servizo de Contratación para a remisión ao Tribunal Central de Recursos.”.

A Corporación dáse por enterada.

4042.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

O Sr. Moldes Martínez pregunta ao Sr. Alcalde se se ditou algún tipo de resolución en relación coas sancións de tráfico e se se procedeu á devolución diñeiro algún.

O Sr. Alcalde contesta que non se asinou decreto ningún sendo a empresa concesionaria quen xestiona os expedientes.

A Corporación dáse por enterada.

4043.- RATIFICACIÓN DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 04/12/2014, RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR “VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, SA”.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do Decreto da Alcaldía de data 04 de decembro de 2014, sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 15 de decembro de 2014 e que di o que segue: “RESOLUCIÓN DE LA ALCALDÍA

ASUNTO: RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTEPUESTO POR VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, SA CONTRA EL ACUERDO DEL PLENO DE ESTE AYUNTAMIENTO ADOPTADO EN SESIÓN ORDINARIA EL 28 DE OCTUBRE DE 2014 DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA GESTIÓN DEL SERVICIO PÚBLICO DE PRERECOGIDA, RECOGIDA, TRANSPORTE Y TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS Y SELECTIVA) LIMPIEZA VIARIA Y LAVADO Y LIMPIEZA DE CONTENEDORES Y PAPELERAS EN EL AYUNTAMIENTO.- Obran en el expediente los siguientes ANTECEDENTES.

Primero.- De conformidad con lo establecido en los arts. 40 y siguientes del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, con fecha 27 de noviembre de 2014 y número de entrada 6178 en el Registro General de este Ayuntamiento se presenta escrito por Pablo Pérez Serrano en nombre y representación de la Sociedad Valoriza Servicios Medioambientales, SA anunciando la interposición del Recurso especial en materia de contratación contra el acuerdo número 4025 adoptado por el Pleno de este Ayuntamiento en sesión realizada el 28 de Octubre de 2014 de adjudicación correspondiente a la licitación para la contratación de la gestión del servicio público de recogida de residuos sólidos urbanos. Recurso que finalmente se materializa y presenta ante el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales el 28 de noviembre de 2014, siendo comunicado al Ayuntamiento con fecha 2 de Diciembre de 2014.

Por lo que en cumplimiento de lo establecido en el art. 46.2º del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, debe remitirse el expediente junto con informe del órgano de contratación, en los dos días hábiles siguientes.

Segundo.- Con fecha 4 de Diciembre de 2014 se incorporan al expediente sendos informes del Ingeniero municipal y de Secretaría en los que se analizan de forma separada, técnica y jurídicamente, las alegaciones formuladas por la Sociedad Valoriza Servicios Medioambientales, SA.

Así con fecha 4 de Diciembre de 2014, el Ingeniero municipal, emite el siguiente informe: “INFORME MUNICIPAL SOBRE EL RECURSO PRESENTADO

Incumplimiento del Pliego:-Número de contenedores

En el artículo 7 de PPT se dice:

“El número de contenedores establecidos en el Estudio del Servicio, tiene carácter de mínimo. A este respecto los licitadores expresarán en su Plan o Proyecto de explotación del Servicio el número de contenedores que entienden por necesarios”.

En artículo 27 del PPT se dice:

“La maquinaria, contenedores, papeleras, medios humanos y materiales reflejados en el Anteproyecto de Explotación tiene carácter de mínimo, salvo que el licitador opte por otro sistema de recogida diferente (fronto-lateral, enterrado, hermética, etc) y justificadamente proponga otras dotaciones mínimas a utilizar. Durante todo el periodo de duración de la Concesión del Contratista, a su costa, repondrá cualquier medio material que desaparezca o quede inutilizado”.

En contestación a una de las empresas (SOIL RECCORVERY S.L) en el periodo de licitación a las preguntas realizadas se dijo: “La recogida dependerá del licitador, solo se establecen las frecuencias. El número de contenedores vendrá en el Proyecto presentado y según el sistema de recogida”.

Según lo expresado en pliegos y en la contestación a lo planteado en el periodo de licitación, lo que se establecía es que el número de contenedores deberá proponerlos los licitadores, teniendo en cuenta las frecuencias y el sistema de recogida propuesto.

Se le da total libertad al licitador para implantar un sistema u otro, por lo que el número de contenedores de recogida lateral o trasera no se establece como mínimo, de hecho así lo entendieron el resto de los licitadores cuando es sus proyectos variaban el número de contenedores de carga lateral por debajo de los 250 unidades según el tipo y número de recolectores de carga lateral y trasera y la frecuencia que harían el servicio.

Por lo tanto la oferta de la UTE SCAN-GEASER no incumple los pliego.

Por otro lado, la oferta de ASCAN – GEASER contempla un total de:

162 contenedores de 2400L carga lateral fracción resto
88 contenedores de 2400L carga lateral fracción papel
389 contenedores de 800L carga trasera fracción resto
31 contenedores de 1000L carga trasera fracción resto
65 contenedores de 360L carga trasera fracción resto
82 contenedores de 240L carga trasera fracción resto
4 contenedores de 120L carga trasera fracción resto.

TOTAL: 733 contenedores.

Todos ellos como inversión para el año 2014 para la recogida de la fracción resto, cuando en el Anteproyecto para la licitación se resolvía con 500 puntos de recogida.

-Con respecto a la puntuación otorgada a la UTE SCAN-GEASER

De lo reflejado en acta y en los informes técnicos, la oferta de SCAN-GEASER se consideró la mejor teniendo en cuenta el sistema de recogida de la fracción resto, la recogida de envases, papel y cartón y vidrio, y por lo tanto obtuvo la mayor puntuación. Considerando el resto de las ofertas con diferencias que suponen una menor puntuación, sobre todo porque la frecuencia de recogida en zona rural se aumenta a diario, cuestión que no hace ninguna otra empresa licitadora.

-Respecto al incumplimiento de las mínimos exigidos respecto al volumen total de contenerización

En ningún apartado de los documentos de licitación se menciona el volumen mínimo de contenerización, por lo que si ASCAN-GEASER oferta menos de los 800.000 litros, no incumpliría el pliego.

Este dato es variable en las ofertas, pues lo importante es superar la producción de residuos según la frecuencia de recogida, para que no desborden los contenedores.

La producción de Poio es de 7158 Tn/año de fracción resto, lo que implica una producción diaria de 19,6 Tn/día lo que ocupa aproximadamente un total de 98 m3 o 98.000 litros que hasta los 774.560 litros ofertados existe un importante margen para capturar casi 7 días de producción.

-Inaplicación de algunos de los criterios de valoración

Puntuación de Motivación Social e Información Ciudadana

La valoración de ASCAN- GEASER junto a CESPAs y FCC es la mayor justificándose que estos plantean un programa de motivación social propio. En cambio Urbaser y Recolte hacen referencia a una campaña institucional ya predefinida. En cambio Valoriza apenas desarrolla este apartado (2 folios) y efectivamente presenta un acuerdo con empresa de economía social como EMAUS FUNDACION SOCIAL de Guipuzkoa , un poco alejada de la localización del contrato. Aun así se le concede la mitad de los puntos que los de mayor puntuación.

-Instalaciones sin licencia

Respecto a este apartado, no se incluyó en la valoración el aspecto urbanístico, pues se entiende que es obligación del adjudicatario solicitar la licencia a posteriori como recoge el PCAP en la clausula 27 “ DESARROLLO DE LA CONCESIÓN. DERECHOS Y OBLIGACIONES DEL CONTRATISTA. 2. Deberes generales . - Tramitar a su cargo todas las licencias, autorizaciones y permisos que exiga el cumplimiento del contrato”.

Reiterándose este informante en su informe de fecha 21 de octubre de 2014.

En ningún momento se CREAN nuevos criterios, más bien se justifican las comparaciones de cada unos de los aspectos a valorar, según el PCAP.

Salvando este punto la valoración de ASCAN GEASER fue precisamente de las mas bajas por estar en zona mas alejada, pero otros como urbaser se consideró también baja por estar próximo a las viviendas.

En general todas son con puntuaciones bajas excepto la de FCC que se encuentra en un espacio mas adaptado a este servicio.

En la exposición del recurso interpuesto (pag 11), se manifiesta que Valoriza , respecto del criterio de Instalaciones fijas recibe menor puntuación (2,61) que ASCAN – GEASER (2,66), siendo esto falso, pues valoriza alcanza 2,97 puntos como refleja el cuadro resumen de valoraciones.

-Adaptación del sistema propuesto

Respecto del criterio de adaptación del sistema propuesto a las características del término municipal, manifestar, que como ya se indicó en apartados anteriores el diseño presentado por ASCAN – GEASER se consideró el mejor de todos , sobre todo por el aumento de frecuencia de recogida en el rural, pasando de recogida alterna a realizarla diariamente.

Respecto a las cargas sociales y al apartado de personal, se debe indicar que se han establecido como forma equitativa en la valoración la distribución de puntos respecto del número de trabajadores equivalentes ofertados. Alcanzando la mayor puntuación (10 puntos) ASCAN – GEASER, que ofertó 17 trabajadores , dándosele 9 puntos a Valoriza cuando ofertó casi dos trabajadores menos(15,3 trabajadores).

Cada empresa respecto a su evaluación de costes tiene libertad, pero como establece el art 27 del PCAP “ El concesionario asumirá respecto de sus trabajadores las obligaciones laborales , de seguridad social, ...”.

No se ha considerado un erro la aplicación de diferentes costes, pues estamos ante un estudio económico para una visión a 16 años, lo cual siempre mantendrá una incertidumbre y sobre todo en lo que a los salarios se refiere.

Y para que conste a todos los efectos oportunos , se emite el presente informe en Poio a 4 de diciembre de

2.014”.

No obstante la Secretaria Municipal señala en su informe de 4 de Diciembre de 2014: “1. En primer lugar, tal y como se describe en los antecedentes de hecho, la empresa recurrente incurre en error al considerar que el acuerdo adoptado el 28 de octubre de 2014, implica la adjudicación del contrato, ignorando los trámites previstos en el art. 151 TRLCSP que ha dado lugar al posterior acuerdo del órgano de contratación de 25 de noviembre de 2014.

Al margen de que esta informante pueda tener presente lo dispuesto en el art. 110 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, cabe la posibilidad de que más allá de una mera confusión, la falta de identificación del acto recurrido si tenga otras implicaciones jurídicas:

a) De acuerdo con el art. 45 TRLCSP, solo la impugnación del acuerdo de adjudicación da lugar a la suspensión automática de la tramitación del procedimiento de licitación. Y a este régimen se remiten los recurrentes en su escrito de recurso, hecho segundo. No obstante, si lo que han impugnado es en realidad en acuerdo de clasificación, la adopción de medidas cautelares debe ser solicitada, sin que opere de forma automática por mandato del legislador.

b) Importante es así mismo saber cuál es el objeto del recurso, ya que tras la notificación del acuerdo de adjudicación, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., no podrán esgrimir los mismos motivos de oposición frente al mismo que podrían utilizar contra el acuerdo de clasificación (Informe 11/2014, de 22 de julio de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Generalitat de Catalunya, con cita de la Resolución 16/2013, de 17 de enero del TACRC y de la Resolución 0/2012, de 25 de enero del TACP de Madrid).

VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., identifica (hecho primero) como resolución que se recurre “...la de Resolución del proceso de licitación de referencia...”.

El fundamento de derecho quinto, nuevamente cita como acto recurrido “...la recurrida Resolución de adjudicación...”.

Y finalmente el súplico dirigido al Tribunal reitera la voluntad de impugnar la resolución de adjudicación y de aplicar lo que denominan como “...medida provisional automática” del procedimiento de licitación en tanto no se resuelva el recurso.

La mención realizada como apartado “(iv)” del súplico, se interpreta como petición que se efectúa al Tribunal, de forma que de excluir a la primera clasificada, se obligue al órgano de contratación a que adjudique el contrato en favor de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A..

Es decir, existen suficientes elementos de juicio para considerar que VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., pretende impugnar el acuerdo de adjudicación que en la fecha en la que anunció la interposición del recurso, todavía no le había sido notificada. Siendo así, el recurso debería ser inadmitido.”.

Teniendo en cuenta los antecedentes y por ser necesario la remisión del correspondiente informe al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en el plazo de dos días hábiles desde su notificación de conformidad con lo dispuesto en el artículo 46.2º del Real Decreto Legislativo, de 14 de Noviembre, esta Alcaldía por razón de urgencia en virtud de las competencias atribuidas por el artículo 21.1.) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de bases del régimen local ACUERDA:

Primeiro: Manifiestar la oposición a la adopción de medidas provisionales con ocasión de la sustanciación del recurso administrativo especial presentado por la Sociedad Valoriza Servicios Medioambientales, SA por considerar el acuerdo del Pleno en sesión celebrada el 28 de Octubre de 2014, conforme a derecho en función de los informes técnicos de valoración elevados a consideración de la Mesa de Contratación, criterios mantenidos en el informe del ingeniero municipal de 25 de Noviembre de 2014 y 4 de Diciembre de 2014.

Segundo: Asumir el contenido del informe del ingeniero municipal de 4 de Diciembre de 2014 y las consideraciones realizadas por Secretaría en su informe de la misma fecha instando a ese Tribunal la inadmisión del recurso presentado por parte de la Sociedad Valoriza Servicios Medioambientales, SA. En su defecto, si siguiendo el mismo informe por considerar más acorde al interés público presente en la licitación y al principio “pro actione”, se procediese o se llevase a cabo su inadmisión a trámite proceda a su desestimación por considerar el acuerdo impugnado suficientemente motivado y conforme a derecho .

Terceiro: Remitir la presente Resolución al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales junto con la demás documentación necesaria para la resolución del mismo.

Cuarto: Dar cuenta de esta Resolución al Pleno de la Corporación en la primera sesión que realice.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade de membros presentes ratificou o Decreto da Alcaldía de data 15 de decembro de 2014 adoptándose o seguinte acordo:

Primero: Manifiestar a oposición á adopción de medidas provisionais con ocasión da sustanciación do recurso administrativo especial presentado pola Sociedad Valoriza Servicios Medioambientales, SA por considerar o acordo do Pleno en sesión celebrada o 28 de outubro de 2014, conforme a dereito en función dos informes técnicos de valoración elevados á consideración da Mesa de Contratación, criterios mantidos no informe do enxeñeiro municipal de 25 de novembro de 2014 e 4 de decembro de 2014.

Segundo: Asumir o contido do informe do enxeñeiro municipal de 4 de decembro de 2014 e as consideracións realizadas por Secretaría no seu informe da mesma data instando a ese Tribunal á inadmisión do recurso presentado por parte da Sociedad Valoriza Servicios Medioambientales, SA. No seu defecto, si seguindo o mesmo informe por considerar máis acorde ao interese público presente na licitación e ao principio “pro actione”, se procedese ou se levase a cabo a súa inadmisión a trámite proceda a súa desestimación por considerar o acordo impugnado suficientemente motivado e conforme a dereito.

Terceiro: Remitir a presente Resolución ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais xunto coa demais documentación necesaria para a resolución do mesmo.

4044.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á COMERCIALIZACIÓN DE PROXIMIDADE.- Dáse conta da moción subscrita pola Voceira do Grupo Municipal do BNG con data 11 de decembro de 2014 de apoio á comercialización de proximidade e que foi sometida a consideración da Comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 15 de decembro de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Abre este punto da orde do día a secretaría dando lectura á moción presentada polo grupo municipal BNG con data 11 de decembro de 2014, número rexistro de entrada 6407:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. O pasado mes de setembro publicouse o Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final. Este decreto entende por venda directa a que se realiza na casa, en mercados e feiras e en tendas minoristas, que vendan directamente ao consumo final, agás os ovos, e establece unha serie de requisitos para poderen realizar esa venda.

Desde o BNG sempre defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpren coas garantías de salubridade. Igualmente xulgamos que se debe facilitar desde os poderes públicos a súa comercialización en circuítos curtos e de proximidade para garantirlles o máximo beneficio aos e ás produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de produción de alimentos, de creación de emprego e de dinamización económica.

Porén, este decreto, sen outras medidas que acompañen o desenvolvemento da venda de proximidade e o apoio aos e ás produtoras non vai ter ese efecto dinamizador. De feito, é evidente que non ten como obxectivo relanzar feiras e mercados nin serve para incorporar novas persoas a esta actividade. O articulado do decreto non garante a produción nin fomenta a dedicación de persoas a este tipo de actividade. Por iso, o BNG considera imprescindible desenvolver iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade (feiras, mercados periódicos de alimentos

producidos no contorno tanto en cidades como vilas, degustacións, etc), ás de venda na propia explotación ou on line, e que teñan como obxectivo a promoción deste tipo de comercialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade. Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.

2. Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega que acadaran os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega. Poio, a 11 de decembro de 2014. Silvia Díaz Iglesias. Portavoz do GM do BNG”

Toma a palabra D. Xulio Barreiro Lubián para explicar que o problema do agro galego e a súa atomización. Se ben o decreto pode ser válido, non se evitará o abandono do sector, senon vai acompañado das medidas descritas na moción. Ten que haber unha dinamización da comercialización desta clase de produtos.

A continuación intervén no debate D. Ángel Moldes quen manifesta que todo é mellorable, pero en Galicia o problema son os particulares que se opoñen a etiquetar. É un mecanismo de control e de seguridade. A realidade é complexa, polo que debemos concienciarnos. Pon como exemplo o problema recente surxido co licor café, e tamén o contrario de Galicia Calidade.

Para D. Xulio Barreiro, o segundo punto dos pronunciamentos previstos na moción serve para iso. Non é un problema de xenerar economías “B”, senon de identificación e o decreto non é claro.

Segundo o voceiro do grupo municipal PP, a xente descoñece as medidas do decreto.

D. Xulio Barreiro indica en sentido contrario que o que pretenden é que paguen. Detrás da norma está a Axencia Tributaria e a Administración do Estado, xa que a Xunta de Galicia tan so cobra a pegatina. A xente vai agora a pagar e vender o mesmo.

Intervén novamente D. Ángel Moldes e insiste que é fundamental concienciar ao sector tal e como aconteceu con os furanchos.

Rematado o debate, en votación ordinaria, polo voto favorable da totalidade dos membros asistentes, a Comisión adoptou ditame favorable á moción presentada e instar do Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade. Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.

Segundo: Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega que acadaran os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

Terceiro: Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.”

Neste momento entra no Salón de Sesiões o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que se deben de crear políticas coa finalidade

de dinamizar e revitalizar o agro galego (redución nas cotas da seguridade social, subvencións para este tipo de produtos). Cremos que son medidas importantes para este sector que se deben de ampliar a todo o territorio.

A Sra. Besada Lores manifesta que o grupo municipal socialista vai votar a favor e entenden que o goberno galego debe de promover e favorecer e identificar os nosos produtos. No pleno pasado aprobouse unha moción neste sentido (etiquetaxe do mexillón), solicitamos unha saída para estes produtos da terra sendo favorecedor tamén para a empregabilidade.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o seu grupo vai votar a favor xa que se trata de un sector moi importante e necesítase unha implicación e conciencia tanto das administracións como dos particulares, todos debemos de apostar pola calidade dos nosos produtos.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprrobe unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade. Cómpre tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.

Segundo: Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega que acadaran os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.

Terceiro: Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega.

4045.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CREACION DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.- Dáse conta da moción subscrita pola Voceira do Grupo Municipal do BNG con data 11 de decembro de 2014 sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega e que foi sometida a consideración da Comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 15 de decembro de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse inicio ao exame deste punto da orde do día coa lectura pola secretaria do contido da moción presentada con data 11 de decembro de 2014, número rexistro de entrada 6406, polo grupo municipal BNG:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fai de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns custos sociais e medioambientais moi importantes, Galiza non sacou proveito desta actividade económica. Pola contra, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en

régime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, o noso país nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homoxénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa aos territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver– da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é: queda aberta a posibilidade de que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera opción de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes por sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen multitude de conceptos que non deberían estar sustentados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas do carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (pool), que retribúe do mesmo xeito (sempre ao prezo da máis cara) a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, e que provoca asemade unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto dos grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou en EEUU. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de Euskadi, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas. Poio, a 11 de decembro de 2014. Silvia Díaz Iglesias. Portavoz do G.M. do BNG”

A continuación abre o debate D. Xulio Barreiro Lubián quen indica que o escrito da moción reflicte adecuadamente a problemática, non é lóxico que en Galicia se pague o mesmo que en Canarias. Agora xa non é válido o plantexamento para todos igual, cando o País Vasco ven a negociar unha tarifa eléctrica propia. Non existen argumentos económicos que sustenten que a enerxía eléctrica custe o mesmo en calquera parte do territorio estatal, xa que o transporte e unha carga moi importante.

Aquí aínda en cima hai que facer fronte ás presas, parques eólicos...e incide novamente en que o País Vasco vai pagar menos sendo deficitario na produción eléctrica. Polo que considera que se trata dun problema político, máis segue a ser un lastre para a economía galega.

Non habendo máis intervencións, en votación ordinaria, por catro votos a favor (BNG) e tres abstencións (PP), a Comisión ditame favorable á moción presentada e instar do Plano a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas. Poio, a 11 de decembro de 2014. Silvia Díaz Iglesias. Portavoz do G.M. do BNG”.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción resaltando a mala xestión do goberno na industria eléctrica xa que a pesar de que Galiza é produtora de subministro non recibe beneficio ningún, por iso debemos de solicitar unha tarifa máis baixa para que a nosa Comunidade se poida beneficiar por ser produtora, consideramos que Galiza debe de ter unha tarifa propia e ter unha redución do 30%.

O Sr. Agís Gómez manifesta que o seu grupo vai votar a favor porque entenden que cando se explotan os recursos naturais dunha zona deberíanse ter beneficios, ademais se temos en conta o precedente do País Vasco que se lle permite unha tarificación distinta por iso nos que soportamos as infraestruturas consideramos necesario unha rebaixa xustificada ademais que non soportamos tanto gasto.

Pensamos igualmente, que responde a unha política nefasta e improvisada do Goberno Central

O Sr. Moldes Martínez di que o seu grupo vai manter a abstención da comisión de Facenda.

Unha vez rematada a quenda de intervencións, sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa, Gobernación e Contas o que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas

4046.- PATRIMONIO, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE DETERMINACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA DE TRAMO EXISTENTE EN CMÑO. TARRÍO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente acordo na orde do día ao non ser ditaminado por comisión informativa ningunha a que queda aprobada por 13 votos a favor (7 BNG, 1 PSOE e 5 PP), ningún voto en contra e 2 abstencións (1 BNG e 1 PSOE).

A Sra. Besada Lores explica que por motivos persoais e de conformidade co disposto na lexislación tense que abster na deliberación e votación do asunto, pero quere poñer de manifesto que como veciña de Samieira recorda ese carreiro tal e como está agora, no mesmo estado, con muros e peche.

Cando se fixo o adoquinado desviouse parte das pluviais para ese carreiro cara o río, cando se fixo o

empedrado do camiño de Tarrío, houbo veciños, que pediron que se hormigonara, xa que os traballadores do Concello levan moitos anos limpando, e así xa non o terían que facer.

No PXOM cos votos en contra do Partido Socialista está proposto ampliar o camiño. Tarrío a 8 metros pero nos consideramos que non necesita esa ampliación. O núcleo de Tarrío é tradicional as casas teñen máis de 100 anos e entendemos que estes núcleos deben manterse (Tarrío, Seara...) e manterse a súa historia.

O Grupo Socialista tanto gobernando como na oposición aposta por manter os núcleos tradicionais.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de decembro de 2014 e que di o que segue:
“Asunto: Investigación de oficio da calificación xurídica dun camiño sito no lugar de Tarrío, Samieira. Exp. 303/12

PROPOSTA DA ALCALDÍA.- O 28 de xaneiro de 2014, mediante acordo do Pleno realizado en sesión ordinaria, acórdase dar inicio aos tramites do procedemento de investigación de oficio da calificación xurídica dun camiño sito no lugar de Tarrío, en Samieira (Exp.303/12), en virtude de escrito presentado por Dn José Rocafort Morales en nome e representación da empresa Roprovisa S.L, na que solicita que se declare como camiño público o vial existente no mencionado lugar.

Seguindo os trámites previstos no Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Públicas, o día 13 de novembro de 2014 emite informe a Secretaría do Concello que di textualmente: “Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do concello de Poio, en cumprimento do establecido no art. 53 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBCL en adiante), emito o seguinte.

INFORME

Antecedentes de feito máis destacados

Expediente 105/2011 referente ao tramo en investigación, o cal rematou o día 18 de xuño de 2012 ao non acadarse no Pleno celebrado a maioría requirida para a adopción de acordos que afecten á tramitación e contido dos instrumentos de planeamento xeral como é o PXOM.

Con data 20 de Setembro de 2012, escrito presentado por D. José Rocafort Morales en nome e representación da empresa Roprovisa, S.L, na que solicita que se declare como camiño público o vial existente no lugar de Tarrío, Samieira.

Con data 5 de Decembro de 2012, informe do Enxeñeiro Municipal.

Con data 13 de Maio de 2013, informe do Asesor Xurídico (A.T).

Con data 23 de Xaneiro de 2013, informe Secretaria do Concello.

Con data 28 de Xaneiro de 2014, Acta da sesión da Comisión Informativa de Urbanismo na que se acorda que se inicie o procedemento de investigación de oficio para determinar o carácter público ou privado do camiño.

Con data 30 de Xaneiro de 2014, Certificación da Secretaria do Concello da sesión ordinaria do Pleno realizado o día 28 de Xaneiro de 2014, no que se acordou tomar coñecemento do ditame emitido pola comisión informativa de urbanismo para os efectos de dar inicio aos trámites para determinar o carácter público ou privado do camiño.

Con data 12 de Febreiro de 2014, Dna María Olga Padín Gómez e Dna María Teresa Ferreiro Gómez, presentan escritos no Concello, no que solicitan que se lles teña por interesadas no procedemento por ser titulares dun predio colindante, así como que se lles de vista de todo o actuado ata a data.

Con data 21 de Febreiro de 2014, certificación da Secretaria do Concello da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 17 de Febreiro de 2014, na que se acordou iniciar o procedemento de investigación de oficio para determinar o carácter público ou privado do camiño indicado en Tarrío.

Con data 24 de Febreiro de 2014, notificación do acordo da Xunta de Goberno Local a José María Rocafort Morales, María Teresa Ferreiro Gómez e María Olga Padín Gómez.

Con data 25 de Febreiro de 2014, remítese o anuncio sobre o inicio do expediente de investigación de oficio do camiño ao Presidente da Excmá Deputación de Pontevedra (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra).

Con data 25 de Febreiro de 2014, remítese o acordo da Xunta de Goberno Local á Subdelegación do Goberno en Pontevedra e a Consellería de Economía e Facenda.

Con data 3 de Marzo de 2014, comunícaselle o inicio do expediente de investigación de oficio de determinación do carácter público ou non a Dn. José María Rocafort Morales, Dna. María Teresa Ferreiro Gómez e Dna. María Olga Padín Gómez.

Con data 12 de Marzo de 2014, contestación da Consellería de Facenda na que requiren maior información da proporcionada para emitir un posicionamento fundado.

Con data 12 de Marzo de 2014, Dna María Teresa Ferreiro Gómez, presenta escrito no Concello no que solicita acceso ao expediente e copia completa do mesmo.

Con data 13 de Marzo de 2014, en contestación ao escrito da Consellería de Economía e Facenda, remíteselle maior documentación aos efectos de identificar o tramo en cuestión.

Con data 14 de Marzo de 2014, Decreto da alcaldía autorizando acceso ao expediente a Dna María Teresa Ferreiro Gómez.

Con data 17 de Marzo de 2014, notificación a Dna María Teresa Ferreiro Gómez do Decreto da Alcaldía.

Con data 19 de Marzo de 2014, Dna María Teresa Ferreiro Gómez ten acceso ao expediente e obtén copia completa do mesmo.

Con data 26 de Marzo de 2014, contestación da Consellería de Economía e Facenda na que indican que no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, non constan inscritos bens ou dereitos que puidera gardar relación co obxecto da investigación.

Con data 28 de Marzo de 2014, Dn. Cristobal Mora Lorenzo, representante local de Compromiso por Galicia de Poio, presenta escrito na que solicita unha reunión entre o Goberno Municipal e os veciños de Samieira.

Con data 16 de Abril de 2014, Dna María Olga Padín Gómez e Dna María Teresa Ferreiro Gómez, presentan conxuntamente escrito de alegacións para que se teña en conta polo órgano instructor ao redactar a proposta de resolución. Acompañan ao escrito informe pericial de Dn Óscar Martínez Tilve enxeñeiro técnico agrícola, copia de escritura de declaración de obra nova e ampliación de Dna Maria Teresa Ferreiro Gómez, copia do cupo de Cándida Gómez Rosales, e recollida de firmas contrarias a utilización do recinto da escola infantil sita en Tarrío para apertura dun camiño público.

Con data 14 de Maio de 2014, notificación a Dna Dolores Díaz Lores, María Teresa Ferreiro Gómez, Teodora Balboa Míguez, José Martínez Pérez, Ramiro Besada Doeste, Balbina Ferreiro Nieto, Consuelo Barreiro Pérez, da apertura de período de proba por un tempo de 10 días.

Con data 14 de Maio de 2014, remítese ao Rexistro da Propiedade solicitude da expedición das notas simples informativas dos predios colindantes co camiño en investigación así como se figuran gravadas por algunha servidume.

Con data 15 de Maio de 2014, remíteselle ao Presidente da Excmá Deputación de Provincial de Pontevedra (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra) anuncio do inicio do período de proba.

Con data 16 de Maio de 2014, Dna. María Olga Padín Gómez, presenta documentación conforme é propietaria dun terreo lindante co camiño en investigación.

Con data 20 de Maio de 2014, Dn. Manuel Balboa Gómez, presenta escrito no que expón que é herdeiro de Dna Cándida Gómez Rosales e presenta documentación acreditativa da titularidade desta dun terreo lindante co camiño en investigación.

Con data 20 de Maio de 2014, Dna. María Teresa Ferreiro Gómez, presenta documentación para que se incorpore ao expediente.

Con data 27 de Maio de 2014, remítese ao Presidente da Excmá. Deputación de Pontevedra (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), anuncio do inicio do período de proba ao propietario da parcela 1666225NG2916N0001JF.

Con data 15 de Setembro de 2014, Proposta da Alcaldía para a apertura dun período adicional de proba para a realización da practica do interrogatorio aos propietarios das parcelas lindantes co camiño así como a práctica da proba testifical de dúas veciñas con maior arraigo no lugar.

Con data 15 de Setembro de 2014, acordo da Xunta de Goberno Local aprobando no seus propios termos a proposta de alcaldía.

Con data 17 de Setembro de 2014, notificación do acordo da Xunta de Goberno Local aos propietarios das parcelas lindantes co camiño en investigación.

Con data 18 de Setembro de 2014, ante a imposibilidade de notificación aos propietarios de algunhas parcelas, remítese anuncio ao Boletín Oficial da Provincia, relativo a apertura do período adicional de proba.

Con data 30 de Setembro de 2014, oficio da alcaldía, requirindo a empresa Roprovisa S.L a través do seu representante, que acredite a titularidade da parcela da que manifesta ser propietario na solicitude de inicio do expediente, co fin de poder garantir a súa presenza no período de proba.

Con data 23 de Outubro de 2014 ten lugar a práctica da proba testifical e interrogatorio dos propietarios das parcelas lindantes co camiño.

Con data 23 de Outubro de 2014:

-Acta da secretaria do Concello acreditativa da comparecencia de Dna. María Teresa Ferreiro, M^a Olga Padín Gómez, Dn. Manuel Balboa Gómez, propietarios das parcelas lindantes co camiño.

- Acta da secretaria do Concello acreditativa da comparecencia de Dna. Consuelo Maqueira García en calidade de testemuña, e na que se fai constar que non aceptou firmar a súa declaración a pesar de estar conforme con ela.

-Dilixencia da secretaria do Concello na que se acredita que tras procederse a lectura da declaración xurada a Dna Consuelo Maqueira García en virtude do artigo 367.1 LEC, esta negouse a firmala a pesar de estar de acordo co seu contido.

- Dilixencia da secretaria do Concello acreditativa da incomparecencia de algúns dos propietarios das parcelas.

Con data 28 de Outubro de 2014, dilixencia da secretaria do Concello mediante a cal se acredita que Dna María Teresa Ferreiro Gómez manifesta ser a propietaria dunha parcela na que non constaba o propietario e se había dilixenciado a súa incomparecencia no período de proba.

Consideracións xurídicas.

1.- Prerrogativas das entidades locais en relación cos seus bens.

Os municipios na súa consideración de administracións públicas dispoñen dunha serie de potestades en relación con seus bens enumeradas no artigo 44 do Real Decreto 1732/1986, do 28 de xuño, entre as que se atopa a potestade de investigación.

Dita potestade aparece igualmente relacionada co carácter de lexislación básica no artigo 41.1^o da Lei 33/2003, do 23 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Para tal efecto ambas normas configuran un procedemento regulado a desenvolver nas seguintes fases:

A. Iniciación de oficio ou a instancia de parte.

B. Información pública mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello durante quince días.

C. Audiencia á administración xeral do estado e da comunidade autónoma.

D. Apertura de prazo de presentación de alegacións rematada a exposición pública, durante un mes, para a presentación de alegacións polos interesados.

E. Realización de proba: documentais, rexistras, periciais e testificas.

F. Novo trámite de audiencia para os interesados afectados que se persoen no expediente e resolución previo informe de Secretaria.

G. De declararse público o camiño se practicará a taxación do ben con inscrición no inventario e a adopción das medidas cautelares precisas para lograr a efectividade dos dereitos da administración.

2.- Distinción entre figuras afíns. Camiños municipais, servidumes e serventías.

Con carácter xeral pode afirmarse que son camiños municipais os que discorren sobre só público, arrincan, transcorren e rematan en terreos públicos como son os camiños rurais. E son camiños privados os que resulten da constitución de título conforme as regras do Código civil e inscrición do mesmo no rexistro da propiedade.

Non obstante, en Galicia resulta aplicable unha especial figura propia do Dereito civil especial denominada “serventía”.

A elo refírese, entre outras, a Sentenza da Sección 1^a da Audiencia Provincial de Pontevedra de 1 de febreiro de 2007, recurso núm. 826/2006, cando establece non seu fundamento xurídico segundo:

“(…) Para catalogar un camiño como " público" non basta, pois, con que esteamos ante unha franxa de terreo por onde se transite ou que constituía unha zona de paso dos veciños, senón que é necesario que fose custeado, ou adquirido de calquera outra forma pola Administración, que estea destinado, ben ao uso público , é dicir, que sexa habitualmente utilizado ou aproveitado por calquera cidadán, ben a un servizo público, e, finalmente, que a propia Administración, neste caso a Entidade local, asuma a conservación e ordenación de policía do camiño en cuestión; neste sentido, son indicios da índole pública do camiño o que a pavimentación realícese con cargo ao erario público , a existencia de iluminación pública ou sinalización viaria administrativa, a instalación de canalización e subministracións de enerxía eléctrica, auga ou similares, ou de redes de saneamento sen solicitar autorización...

Distínguese así o camiño público doutras institucións creadas para facilitar o tránsito de persoas e vehículos como a servidume de paso ou a serventía.

En relación con esta última figura, cumpre lembrar que a serventía ou servizo, institución de orixe

consuetudinario expresamente recoñecida pola xurisprudencia no ámbito da comunidade autónoma de Galicia (STS. 14 de maio de 1993 e SSTSJG. 22 de xullo de 1994, 28 de xaneiro de 1995 e 24 de xuño, 2 de decembro de 1997, 21 de xuño de 2005 e 24 de xaneiro de 2006, entre outras), no art. 30 da Lei 4/1995, de 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia, vixente na data da demanda, e hoxe nos arts. 76 e ss. da Lei 2/06, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia, supón a existencia dun camiño ou vía de acceso privado a dous ou máis leiras lindeiras, constituídas, con independencia do que cada un dos usuarios ou causantes cedesen para o seu establecemento, sobre terreo de propiedade particular destes, para o seu uso, gozar e goce en común, que aínda que orixinariamente vinculado ao agra ou vilar non o está necesariamente, e que se traduce nun tipo de comunidade xermánica, sen cotas, de natureza indivisible, na que non é concibible o dereito individual a pedir a súa extinción (SSTSJG. 19 de decembro de 1999 e 24 de xaneiro de 2006).

O art. 76 da Lei 2/06 defínea como "o paso ou camiño privado de titularidade común e sen asignación de cotas, calquera que sexa o que cada un dos usuarios ou causantes cedese para a súa constitución, que se atopa establecido sobre a propiedade non exclusiva dos lindeiros e que teñen dereito a usar, gozar e posuír en común a efectos de paso e servizo dos predios".

A natureza propia da serventía caracterízase, pois, por constituír un acceso de servizo privado sobre terreos de propiedade particular a favor de todos os titulares dos predios polos que discorre -beneficiarios da serventía-, orixinador dun dereito de uso, gozar e posesión en común que obriga a todos a respectar o paso dos demais (STSJG. 16 de decembro de 1998).

A STSJG 21 de xuño de 2005 insiste nesta última nota ao proclamar: "entre os causantes ou propietarios da serventía xérase unha comunidade acentuadamente xermánica tanto no que fai á súa titularidade dominical como ao seu uso e goce, sen que ningún comuneiro poida impedir ou dificultar o paso, e de aí a explicación dos pronunciamentos de condena vinculados ás constatadas alteracións unilaterais feitas pola demandada na cousa común e contidos ex artigo 397 CC".

En relación, coa serventía, a STSJG 24 de xaneiro de 2006 puntualiza: "Aínda que tivese saída ao camiño público, a consecuencia sería a mesma pois xa desde a STSJG 9/1997, de 24 de xuño, vimos resaltando que todos os donos das leiras lindantes cun camiño de serventía teñen dereito a exercitar o paso sen que sexa óbice ao seu recoñecemento que algunha poida ter outra saída a camiño público e iso porque é perfectamente posible a constitución da serventía para unha maior comodidade de acceso e mellor. Polo demais, aínda que xeralmente o trazado discorra polas cabeceiras, nada obsta, se a configuración así o esixe, a que a serventía sexa conformada por varios pasos ou vías interiores que chegan ás diversas cancelas, necesarias pairan entrar e saír ás leiras exclusivas, conforme ás correspondentes necesidades de cultivo dado que nun vilar non pode concibirse unha leira sen acceso, o que fai ociosa calquera idea de servidume".

E a STSJG 21 de xuño de 2005, xa citada, introdúcenos nas distintas clases de serventías ao distinguir entre a serventía xeral e a serventía de agro, agra ou vilar, que se presume cando as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar e próbase o uso continuo (art. 31 Lei 4/95): "Tan indiscutible é, devandito sexa á luz da doutrina desta Sala exhaustivamente traída a colación polo recorrente, que o artigo 31 LDCG recolle a norma consuetudinaria relativa á serventía de agra, agro ou vilar, facendo depender a presunción da súa existencia da acreditación de que as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e da proba do seu uso continuo ou permanencia do camiño (así, por todas, SSTSJG 1/1994, de 22 de xullo, e 13/1998, de 29 de xullo), como que o artigo 30 LDCG conduce a concluír a existencia de serventía en xeral (ou desvinculada da de agro, agra ou vilar) por exclusión: ha de ser considerada serventía ou servizo o paso que -como o litixioso- efectúase sobre un terreo que "non teña" carácter público e do que "non conste" o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan. En consecuencia, descartada a natureza demanial do terreo sobre o que se efectúa o paso, o que no suposto axuizado nin sequera como posibilidade suscítase, e igualmente descartada a atribución da súa propiedade exclusiva a algún dos seus usuarios (expresión esta con a que desde polo menos a STSJG 23/1999, de 17 de decembro, equiparamos a legal de "o dominio ou a identidade individualizada dos que o utilizan"), imponse como inevitable o consideralo como serventía".

A mesma sentenza continúa: "Desvirtuada totalmente a pertenza exclusiva do camiño litixioso á demandada, de cuxa leira non é predicable que forma parte integrante gravándoa con servidume de paso (...), a súa propia configuración física, isto é, o consistir nun camiño entremurado independizado das leiras que con el lindan, incluídas as dos contendentes, unida á pluralidade dos usuarios que do mesmo sérvense como terreo de paso común reiterada e continuamente no tempo, constitúen feitos suficientemente ilustrativos da caracterización tipificadoramente coincidente coas notas constitutivas da serventía (así, por todas, SSTSJG 11/1997, de 17 de novembro, e 28/2002, de 18 de

setembro). Interpretación, a exposta, conducente a concluir a existencia de serventía por exclusión e en función das circunstancias fácticas conconcorrente sen necesidade da plena acreditación da súa constitución negocial - certamente infrecuente e dificilmente imaxinable no contexto xurídico vulgar galego- (...), con independencia, desde logo, de ter que discernir se a palabra camiño equivale na nosa lingua ao concepto de serventía ou ao de servidume: presúmese serventía un camiño que como límite das leiras ás que serve é descrito nos títulos de propiedade das mesmas".

Esta interpretación xurisprudencial foi acollida na recente Lei 2/06, de 14 de xuño, que no art. 78 establece unha pluralidade de presuncións tocantes precisamente á determinación da súa existencia (e non reducidas á de agra), de forma, salvo proba en contrario, "presúmese a existencia de serventía: 1º) Se as leiras forman ou formaron parte do agro, agra ou vilar, e próbase o uso continuo; 2º) Cando o paso ou camiño foi establecido na partición de herdanza ou división de cousa común como servizo para todas ou algunha das leiras resultantes; 3º) Se o camiño aparece referido como lindeiro nos títulos das leiras que se serven por el; 4º) Cando o paso ou camiño é usado polos lindeiros para acceder ás súas leiras situadas sen outra saída a camiño público".

3. Probas practicadas e informes periciais:

3.1-Documentación presentada polos interesados:

3.1.1- Informe pericial de parte:

Dña María Olga Padín Gómez e Dña María Teresa Ferreiro Gómez presentan escrito de alegacións ao que xuntan informe pericial realizado por Óscar Martínez Tilve, Enxeñeiro Técnico Agrícola da Coruña e de Pontevedra.

No mesmo divide o camiño en tres puntos, correspondendo o tramo que vai dende o tramo 1 ao 2 a unha servidume, que se trata de un paso de terra excepto no seus extremos que se topa aformigado ao conectar co camiño público no punto 1 e cunha rampla formigonada no punto 2.

O tramo que vai entre o punto 2 e 3, que se trata basicamente dunha presa de auga.

Non obstante, interesa destacar do contido do informe emitido á mención realizada no punto "5.2.- Tramo 2-3:" cando sinala "...No se encuentra delimitado como camino en el parcelario catastral de los años 50. El terreno objeto de informe en este tramo se encuentra incluído dentro de la parcela catastral de los años 50 nº 272 del polígono 14. Esta parcela incluye el río y sus márgenes y los molinos, y se encontraba a nombre del ayuntamiento al tratarse de un terreno vecinal, cuestión puesta de manifiesto por el hecho de que la presa de riego se construyó para regar propiedades privadas, al igual que los molinos según me han declarado los vecinos son privados...".

Pois ben, salvo erro involuntario, dito terreo podería formar parte cando menos parcialmente agora da actual parcela na que se ubica a escola de Tarrío, recollida no Inventario municipal coa seguinte descrición: asento 33 practicado con data xaneiro de 1951 no que figuran como lindes: norte e leste, camiño público; sur, presa de auga, e oeste, terreo que a circunda. Así mesmo pódese observar que se lle asigna unha superficie de 18 concas ou 9 áreas e 53 centiáreas (953 m² fronte aos 644 m² que figuran no catastro actual).

Pese a que se refira que tanto a presa como os muiños tivesen unha propiedade privada, cuestión que non se acredita, a titularidade naquel entón e na actualidade por esta entidade local dos terreos como podería vir a corroborar o feito de que no inventario tivese unha superficie claramente superior á que figura hoxe no Catastro, pode implicar que se tratase de bens comunais definidos no art. 5 RBCL, como bens de dominio público, que tras un cambio de destino seguen a integrar dominio público como bens de servizo público (art. 4 RBCL)

3.1.2-Escrituras:

Escrituras aportadas por Dña. María Olga Padín Gómez:

- Relación de bens de Dña. Balbina Ferreiro Nieto do ano 1959, que constitúe o caudal relicto da herencia de seus pais, no que se describe unha casa de antiga construción que linda: Norte: camiño público, Sur: outro camiño de senda, Este: de Teresa Besada Rial, e Oeste: de Claudina Doeste.

- Escritura de compravenda de data 30 de Abril de 1963, na que o comprador é Manuel Padín García casado con Carmen Gómez Ferreiro, mediante a que adquiren a finca denominada "Prado de Balboa", a cal linda: Norte: camiño de carros, Sur e Oeste con Balbina Ferreiro Nieto.

- Escritura de data 30 de Decembro de 2008, na que comparecen María del Carmen Gómez Ferreiro, María Elena Padín Gómez e María Olga Padín Gómez na que se describe a finca sita en Tarrío, denominada "Eirado D'Riba" cos seguintes lindes: Norte: camiño e parcela enclavada dos Hros de José Manuel Padín García, hoxe M^a Olga Padín

García, Sur: mais de esta herencia, Este: Manuel Meis e parcela enclavada de Hros. de... (non consta de que tipo de escritura se trata).

- Escritura de aportación a sociedade de gananciais, agrupación de fincas e declaración de obra nova de data 25 de Novembro de 2010, na que comparecen Manuel Gondar Piñeiro e María Olga Padín Gómez no seu propio nome, na que consta que Dña Olga Padín Gómez é propietaria con carácter privativo das seguintes fincas sitas no lugar de Tarrío:

“Eirado D’Riba”, cos seguintes lindes: Norte: camiño e María Olga Padín Gómez, que é a finca que se describe a continuación, Sur: Herederos de Balbina Ferreiro Nieto, hoxe María del Carmen Gómez Ferreiro; Este: María Olga Padín Gómez, que é a finca que se describe a continuación e ademais Dolores Díaz; e Oeste: María Olga Padín, que é a finca que se describirá a continuación e propietario descoñecido, en realidade Perfecta Ucha. “Prado de Balboa”, cos seguintes lindes: Norte: camiño; Sur, Este y Oeste, María Olga Padín Gómez, que é a finca antes descrita.

Escrituras aportadas por Dña. María Teresa Ferreiro Gómez:

- Escritura de doazón de data 22 de agosto de 1985, otorgada por Concepción Gómez Rosales, a favor de María Teresa Ferreiro Gómez, pola que adquire unha casa sita no lugar de Tarrío, cos seguintes lindes: Norte e Sur: herdeiros de Carmen Leiro; Este, camiño de servidume por onde se entra a cuadra; Oeste, camiño público por onde se entra a casa.

- Escritura de declaración de obra nova, reforma e ampliación de data 28 de Febreiro de 1997, outorgada por María Teresa Ferreiro Gómez na que se describe unha casa sita no lugar de Tarrío, propiedade de María Teresa Ferreiro, cos seguintes lindes:

Norte e Sur: hdos de Carmen Leiro; Este, camiño e servidume por onde se entra a cuadra; e Oeste, camiño público por onde se entra a casa.

- Escritura de compravenda de data 4 de Marzo de 1997 outorgada por os conxugues Juan Rodríguez Leiro e Carmen Abal, en favor de María Teresa Ferreiro Gómez, mediante a cal adquire unha casa sita no barrio de Tarrío, cos seguintes lindes:

Norte, casa de Francisco Ansín; Sur Rosa Rosales; Este e Oeste, camiño.

E unha viña sita no barrio de Tarrío con un pequeno hórreo, cos seguintes lindes: Norte: Rosa Rosales; Sur herederos de Balbina Rial; Este y Oeste: camiños.

Escrituras aportadas por Dn. Manuel Balboa Gómez, como herdeiro de Dña Cándida Gómez Rosales.

- Copia do Cupo ou Hijuela nº3 de Dña Cándida Gómez Rosales na herencia do seus pais, de data 1 de Decembro de 1956, na que se describe a finca sita no lugar de Tarrío, denominada “Tarrío” cos seguintes lindes:

Norte: Hds. De Balbina Rial; Sur: presa e a Rial; Este: Francisca Ansín e Oeste: camiño de servidume.

Tal e como se reflicte nos antecedentes, non existe constancia da achega de documentación ao presente expediente polos restantes propietarios dos terreos afectados que podan aportar maior información.

3.2.-Informes técnicos.

No informe do Enxeñeiro Municipal de 5 de Decembro de 2012, consta:

“...tiene su inicio entre las viviendas números 25 e 27 del camino Tarrío (Tarrío-Samieira), pasando por la parte posterior de las viviendas números 29 y 31 y por la parte posterior de la Escuela Infantil entre el río y el lado oeste de la parcela de la escuela infantil.”

“El camino cuenta con ls servicios de Red de Pluviales y canalización de tráida de augas de regadío y tiene entrada y salida con Camino Tarrío. Existe un punto de luz de la red de alumbrado público a lo largo del camino ”

“Dicha zona se localiza en los planos 0-6 y 0-9 del Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) a escala 1:5.000, y corresponde a Suelo Núcleo Rural Mixto (S.N.R.M). El vial no aparece grafiado como camino público en dicho plano.”

“Revisada la cartografía del Catastro la zona aparece grafiada como camino público, tanto en los planos del año 60 como en los de la actualidad.”

Examinado novamente a documentación do denominado Catastro histórico, o tramo obxecto de investigación parece ter fin na parcela na que actualmente se atopa a escola infantil, sen que o tipo de grafiado do tramo que corresponde ao que discorre tras a escola, sexa o propio dos camiños secundarios senón o correspondente á delimitación

de parcelas, polígonos ou servidumes. Sen embargo, o actual Catastro inmobiliario si recolle este novo tramo, máis se descoñece como sen obedecer a un interese municipal explícito, tivo reflexo en tal documento e de ter a súa orixe nunha actuación de particulares, o tratamento que quixeron darlle á marxe do que realmente poda ser.

3.3. Práctica da proba testifical e interrogatorio dos interesados:

Do interrogatorio realizado podemos destacar os seguintes aspectos máis importantes:

- O máis importante do declarado por Dña. M^a Teresa Ferreiro Gómez:

Ante a pregunta de si é propietaria dunha parcela lindante co camiño en investigación “Si, ensináronme dende nena que era a congostra de Tarrío”

Ante a pregunta de si sabe se a xente transitaba por camiño en investigación “Non pasaba nada máis que a súa nai porque na parte da casa que da a congostra eran as cuadras dos animais. Algunha vez pasaban os rapaces que ían á escola. Ten unha presa moi profunda que recollía toda a auga de Tarrío e está conectada con outra presa moi profunda que era de regadío que empeza no río e remata na estrada a Armenteira, e levaba a auga ás terras que había máis alá da estrada. Como eran tan profunda non pasaba ninguén. De pé servíase a “Curita” para pasar para as viñas e a “Ansina” e nos. E de carro solo nos. O carro ía de lado por que era moi profunda. O camiño principal é o de arriba”.

Ante a pregunta se ten constancia que agora se use ese camiño “... son a única que pasa e a “Ansina” ...para limpar os rebichos”

- O máis importante do declarado por Dña. M^a Olga Padín Gómez:

(...) Por alí solo pasaba a xente que tiña fincas xa que era moi incómodo e máis adiante había unha presa moi grande e profunda. E debaixo da escola a presa era o que había. Ninguén máis ía por alí. Ademais pasaba a “Curita”, a miña tía Concha, ás “Rialas”, “a granxeira” e nos. Debaixo da escola hai unha presa aberta que era de terra. Cando foi da comunidade de Montes a entubaron e puxéronlle medio tubo aberto. Pero cando puxeron os adoquíns (...) entubaron a presa e claro agora parece que hai camiño pero non é. E había unha pedra grande que a desfixeron cun martillo”.

Ante a pregunta se considera que todo o camiño e unha servidume “Si, non ven ninguén mais que nos”

Ante a pregunta se coñece o uso que se lle da actualmente ao camiño “Nada de nada (...)”.

- O máis importante do declarado por Dn. Manuel Balboa Gómez:

(...)”Ese camiño de servidume remataba no Piorno, despois había unha presa que traían a auga do inverno para abaixo. De aí en adiante non pasaba ninguén e os carros so no tempo das espigas.”

Ante a pregunta se coñece o uso que se lle da actualmente ao camiño “Ningún”.

- Da proba testifical realizada a Dña. Consuelo Maquieira Garcia o máis destacado:

Ante a pregunta de se é coñecedora do tramo que se lle indica “Si é de pés e había un rego de auga moi grande. O camiño é o outro que vai por arriba. Agora non hai presa por que a entubaron.”

Ante o a pregunta de se coñece o uso que se lle daba a ese camiño “Ían os rapaces para a escola e pouco máis. Do resto non pasaba ninguén”

Ante a pregunta de se coñece o uso que se lle da actualmente ao camiño “Por alí pasa xente pero de pé”.

